

ROTEIRO HISTÓRICO-NATURAL: A CANLE DO RUCA



As terras do extremo norte do Bosque Máxico son regadas polo río Arnoia que, unhas veces manso e outras moi bravo, configurou unha atractiva paisaxe, con múltiples fervezas, canóns, meandros e rochedais, que se mergullan nunha inmensa fraga. Desde tempos ancestrais o home sacoulle proveito aos ríos, de ahí que multitude de muíños se espallen palas marxes do Arnoia, alimentados por un sinfín de presiñas e canles de pedra que antano eran excelentes criadeiros de troitas. Como sustento das economías agrarias, a pesca sempre foi un recurso moi aproveitado no río Arnoia, onde se pescaban troitas, anguías, escalos... Desgrazadamente, a agresiva colonización do Arnoia polas hidroeléctricas, mermou esaxeradamente os recursos piscícolas e xerou un irreversible impacto ecolóxico nun terreo salvaxe e virxe.

Este interesante roteiro desenvólvese por terras do concello da Merca, no límite da Reserva da Biosfera “Área de Allariz”, onde, ademáis de pequenas e vistosas aldeas que configuran a paisaxe tradicional galega, se pode disfrutar dunha excelente gastronomía nos restaurantes do concello de A Merca.



O ROTEIRO

Partiremos da aldea de Rubillós en dirección leste ata un pequeno afluente do río Arnoia. Logo ascenderemos por un empinado camiño que penetra nunha fraga que nos levará ao comezo da canle do Ruca, onde se ubican as ruínas da comporta e da casa das turbinas. Continuaremos polo canal e, antes de internarnos no túnel, pasaremos á beira das ruínas do muíño do Durán, que en tempos producía fariña para os veciños das aldeas da contorna, do mesmo xeito que o muíño dos Mouros, cuxas ruínas se atopan un pouco máis arriba. Seguindo a canle chegaremos á comporta 1, onde se recollería a auga da presa que alimentaría á canle e que nunca se chegou a construír.

No regreso, polo mesmo camiño, ascenderemos por un camiño enlousado a un mirador que nos permitirá contemplar a magnitude do canal e a espléndida frondosidade da fraga do río Arnoia. Descenderemos do mirador ata a canle, e seguiremos á beira do río ata a ponte de Rubillós para voltar ao punto de partida.



Muíño dos Mouros



Ponte Ermida

CANLE DO RUCA

Esta impresionante obra de inxeñería hidráulica foi realizada ao longo da década dos 30 do século XX, co obxectivo de producir electricidade a través da forza da auga. O mecenas do proxecto era Francisco Conde-Valvís Fernández, apodado O Ruca, inquieto investigador alaricano que na primeira metade do século pasado, ademáis de introducir a enexía eléctrica na provincia de Ourense, financiou e dirixiu varios proxectos de investigación arqueolóxica e estudos históricos.

A Canle do Ruca, impresiona polo movemento de terras que requeriu e a perfección do seu paramento que, pouco a pouco, se vai deteriorando. Na época na que se construíu, foi unha inversión moi arriscada, de feito, nunca chegou a funcionar. A obra, ademáis da canle de alimentación, constaba duha comporta que regulaba a entrada de augas na mesma, outra comporta final para dosificar o paso da auga ás turbinas, e a casa de máquinas que se atopa en ruínas. Para nutrir todo o complexo hidráulico e permitir a creación de enerxía era preciso a construción dunha gran presa, que por circunstancias pouco aclaradas nunca chegou a materializarse.



ACESOS:

Situados no Bosque Máxico seguiremos a Estrada 540 (Ourense-Lindoso), ata o lugar de A Manchica, onde nos desviaremos dirección A Merca e seguiremos pola estrada que se dirixe á Mezquita, lugar no que se ubica un excelente templo románico. Pasados 1500 metros de A Merca tomaremos unha estrada local ata a aldea de Rubillós, seguindo as indicacións de Canal do Ruca.



LENDA

- Inicio/Fin do roteiro
- Desenvolvemento do roteiro
- Ruínas. Casa das Turbinas
- Muíño tradicional
- Vista panorámica
- Bosque autóctono de ribeira
- Aldea tradicional abandonada

FICHA TÉCNICA

Lonxitude: 3.300 metros
Dificultade: Baixa
Tempo: 1 hora

